

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O PARLAMENTO DE GALICIA, A CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES DA CÁTEDRA INSTITUCIONAL OTERO PEDRAYO DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

11 de xullo de 2025

REÚNENSE

Don Miguel Santalices Vieira, na súa condición de presidente do Parlamento de Galicia que actúa ao abeiro das facultades que lle confire o artigo 31.1 do Regulamento do Parlamento de Galicia, do 1 de setembro de 1983 modificado o 6 de agosto de 2015, e segundo o Acordo do Pleno do Parlamento de Galicia, relativo á elección dos membros da mesa (DOG núm. 56, do martes 19 de marzo de 2024).

Don José Carlos López Campos, conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude que actúa en virtude das facultades atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, modificada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro e pola Lei 12/2007, do 27 de xullo, de acordo co seu nomeamento polo Decreto 44/2024, do 14 de abril, publicado no DOG núm. 73, do 14 de abril, e polo disposto no Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia, publicado no DOG núm. 81, do 24 de abril.

Don Antonio López Díaz, reitor magnífico da Universidade de Santiago de Compostela (USC), nomeado mediante o Decreto 35/2022, do 17 de marzo (DOG núm. 56, do 22 de marzo), en representación desta, en virtude das facultades que lle confire o artigo 50.1 da Lei orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do Sistema Universitario.

As partes actúan no exercicio dos seus respectivos cargos con plena capacidade xurídica e de obrar e, coa representación competencial que posúen, recoñécense capacidade plena para se obrigaren nos termos deste convenio e

EXPOÑEN

Primeiro. Que o Parlamento de Galicia é un poder estatutario que ten como función representar o pobo de Galicia. É a primeira das institucións da Comunidade Autónoma galega da que derivan todas as outras. Está facultado para exercer os poderes públicos de Galicia, xunto coa Xunta de Galicia e o seu presidente, segundo dispoñen os artigos 9 e 10 do Estatuto de autonomía de Galicia e de conformidade coa Constitución española. No ámbito das súas funcións, ten especial relevancia a defensa da lingua e da cultura de Galicia como valores

indiscutibles e fundamentais da riqueza patrimonial e cultural galega. E, neste ámbito, é de grande interese para a Institución manter e divulgar a vida e a obra de Otero Pedrayo para proxectar a súa figura nas súas múltiples dimensións.

Segundo. Que, de acordo co establecido no Estatuto de autonomía para Galicia e na Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, é responsabilidade do Goberno galego levar a cabo as medidas que sexan necesarias para garantir o uso como lingua cooficial do idioma galego, polo que deberá adoptar as medidas oportunas para o seu fomento e estimular as manifestacións culturais feitas en galego.

Terceiro. Que no ámbito da Administración autonómica galega, lle corresponden á Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude a través da Secretaría Xeral da Lingua, entre outras, as competencias e funcións en materia de promoción e ensino da lingua galega e de dirección, planificación, coordinación e execución da política lingüística da Xunta de Galicia. Para este fin precisa colaborar, na medida do posible, coas diversas institucións ou entidades que actúan no ámbito autonómico para potenciar e achegar o idioma galego a todos os ámbitos sociais. Para este fin a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, a través da Secretaría Xeral da Lingua (en diante, SXL), pretende colaborar no desenvolvemento de iniciativas conxuntas co Parlamento de Galicia e coa USC para prestixiar e promover no eido universitario a estima do galego e o estudo académico e crítico da obra e da figura do escritor Otero Pedrayo, mediante o desenvolvemento das actividades da Cátedra Institucional Otero Pedrayo da USC.

Cuarto. Que a Universidade de Santiago de Compostela (en diante, USC) é unha institución de dereito público que ten como finalidade a prestación do servizo público da educación superior mediante a docencia, o estudo e a investigación.

Segundo o Regulamento de creación e réxime de funcionamento de cátedras institucionais da Universidade de Santiago de Compostela, aprobado polo Consello de Goberno do 7 de febreiro de 2020 e modificado por acordo do Consello de Goberno do 19 de xuño de 2020, as cátedras institucionais son instrumentos específicos de colaboración da USC tanto con empresas coma con outras entidades (fundacións, asociacións, centros de investigación, administracións públicas ou calquera outra organización con personalidade xurídica propia), coa finalidade de desenvolver e de incrementar a oferta de actividades complementarias que contribúan á difusión da cultura e das letras galegas.

En virtude do exposto, e para fixar as condicións que rexerán tal colaboración, as partes conveñen a formalización deste convenio de conformidade para o desenvolvemento das actividades da Cátedra Institucional Otero Pedrayo, como honra a un insigne literato que levou a narrativa galega a un gran nivel de modernidade e desenvolvemento técnico, a un dos mestres do ensaio galego, e a un xeógrafo que tivo Galicia no centro do seu ollar científico.

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto

A Cátedra Institucional Otero Pedrayo configúrase como un foro para a execución de actividades e programas docentes e formativos, académicos, de estudo, divulgativos e de fomento e promoción da vida e da obra de Otero Pedrayo.

O obxecto deste convenio é regular a colaboración entre o Parlamento de Galicia, a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e a Universidade de Santiago de Compostela para o desenvolvemento das actividades da Cátedra Institucional Otero Pedrayo, coa finalidade de dedicarse ao estudo académico e crítico da obra e da figura deste escritor e do seu tempo.

Segunda. Obxectivos da Cátedra

Todas as actividades da Cátedra estarán dirixidas á consecución dos seguintes obxectivos:

- a) A difusión dos valores asociados coa obra e a figura do escritor.
- b) A promoción da investigación científica no campo do estudo académico e crítico da obra de Otero Pedrayo e do seu tempo.
- c) A realización de cursos, seminarios, conferencias e cantas actividades académicas redunden na difusión, coñecemento, innovación e desenvolvemento do estudo da obra do escritor.
- d) A promoción e organización de actividades académicas que contribúan a facilitar a reflexión e o debate cultural e académico da obra de Otero Pedrayo.
- e) A colaboración co profesorado e cos departamentos universitarios para favorecer a colaboración entre o persoal investigador, os profesores e profesionais de súa sona internacional, o profesorado e os investigadores da USC, o Parlamento de Galicia e a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e outras entidades que aborden o estudo da figura de Otero Pedrayo.
- f) A difusión do coñecemento das investigacións realizadas mediante publicacións e outras accións de comunicación.
- g) A creación e o mantemento dun fondo bibliográfico e documental sobre Otero Pedrayo.
- h) A promoción da inserción profesional do estudiantado universitario e a súa participación, se é o caso, nas actividades realizadas pola Cátedra, como pode ser a través de prácticas académicas externas extracurriculares.
- i) A convocatoria de premios para traballos de investigación e concursos de ideas ou a través de xornadas de divulgación técnica, tecnolóxica, científica e cultural.

As actividades da Cátedra desenvolveranse en galego, castelán, inglés e en calquera outro idioma que se considere idóneo.

Terceira. Dirección da Cátedra: estrutura e funcións

A estrutura da Cátedra está constituída por unha Dirección con dúas persoas que realizarán a xestión e dirección.

A dirección da Cátedra que será desempeñada polos directores ou directoras da mesma, recaerá en persoas de recoñecido prestixio profesional, técnico e científico, no ámbito temático correspondente, e terán unha vinculación permanente como persoal docente e investigador, con dedicación a tempo completo á USC. Tamén poderá ocupar este cargo o profesorado emérito desta universidade.

As persoas que ocupen a dirección serán nomeadas polo reitor, a proposta da vicerreitoría competente en materia de Cátedras Institucionais.

As persoas que ocupen a dirección da Cátedra xestionarán e dirixirán as actividades encomendadas no seu ámbito temático. Corresponderanlle as seguintes funcións:

- a) A representación da Cátedra nas reunións, accións ou actividades o requiran.
- b) A elaboración, organización, coordinación e desenvolvemento do plan anual de actividades e proxectos propios da Cátedra.
- c) A elaboración e a xestión económica do orzamento anual necesario para levar a cabo as actividades programadas.
- d) A remisión de información á Comisión de Seguimento do plan anual de actividades e proxectos propios da Cátedra, accións, xestións ou actividades que se realicen.
- e) A preparación anual da memoria de actividades e económica e a súa presentación perante a Comisión de Seguimento.
- f) A achega á Comisión de Seguimento dos materiais divulgativos e publicitarios que se elaboren dentro do ámbito de actividade da Cátedra, unha vez que estean revisados e que se comprobe que compren a normativa de imaxe corporativa.

A dirección poderá contar con órganos consultivos, sempre que se xustifique a necesidade da súa existencia e resulten pertinentes atendendo á complexidade temática que derive das actividades da Cátedra.

Cuarta. Actividades da Cátedra obxecto desta colaboración

1.- As actividades para o período 2025-2027, ambos os dous incluídos, son as seguintes:

2025		
Actividade	Descrición	Contía
Premios a traballos académicos	Premios a aqueles traballos académicos que versen sobre a obra de Otero Pedrayo	1.500 €
Congresos de Investigación	Congresos, seminarios ou xornadas de investigación sobre a obra de Otero Pedrayo	3.000 €

Estudos de investigación	Convocatoria de axudas á investigación para persoal docente e investigador e/ou convocatorias de prácticas extracurriculares ao estudiantado da USC relacionados coa obra de Otero Pedrayo	2.500 €
Difusión da actividades da Cátedra	Pílulas de comunicación e/ou cursos e/ou publicacións da obra do escritor	1.500 €
WEB	Deseño e implementación da páxina web propia da Cátedra. Funcionalidades e contidos	1.500 €
Actividades de xestión e desenvolvemento	Actividades e accións de divulgación, realización de prácticas curriculares e extracurriculares do estudiantado de grao e mestrado.	5.000 €
Total:		15.000 €
2026		
Actividade	Descrición	Contía
Premios a traballos académicos	Premios a aqueles traballos académicos que versen sobre a obra de Otero Pedrayo	1.500 €
Congresos de Investigación	Congresos, seminarios o xornadas de investigación sobre a obra de Otero Pedrayo	3.000 €
Estudos de investigación	Convocatoria de axudas á investigación para persoal docente e investigador e/ou convocatorias de prácticas extracurriculares ao estudiantado da USC relacionados coa obra de Otero Pedrayo	2.500 €
Difusión da actividades da Cátedra	Pílulas de comunicación e/ou cursos e/ou publicacións da obra do escritor	2.000 €
WEB	Mantemento da web nas súas funcionalidades e contidos	1.000 €
Actividades de xestión e desenvolvemento	Actividades e accións de divulgación, realización de prácticas curriculares e extracurriculares do estudiantado de grao e mestrado.	5.000 €
Total:		15.000 €

2027		
Actividade	Descrición	Contía
Premios a traballos académicos	Premios a aqueles traballos académicos que versen sobre a obra de Otero Pedrayo	1.500 €
Congresos de Investigación	Congresos, seminarios ou xornadas de investigación sobre a obra de Otero Pedrayo	3.000 €
Estudos de investigación	Convocatoria de axudas á investigación para persoal docente e investigador e/ou convocatorias de prácticas extracurriculares ao estudantado da USC relacionados coa obra de Otero Pedrayo	2.500 €
Difusión da actividades da Cátedra	Pílulas de comunicación e/ou cursos e/ou publicacións da obra do escritor	2.000 €
WEB	Mantemento da web nas súas funcionalidades e contidos	1.000 €
Actividades de xestión e desenvolvemento	Actividades e accións de divulgación, realización de prácticas curriculares e extracurriculares do estudantado de grao e mestrado.	5.000 €
Total:		15.000 €

2.- A dirección da Cátedra elaborará anualmente un Plan de actividades da cátedra. Cada actividade realizarase de acordo cos termos e condicións que se establecen neste convenio e conforme a un proxecto, que deberá conter, como mínimo, os seguintes aspectos:

- a) Definición do obxectivo que se persegue.
- b) Descrición do plan de traballo, que incluíra as distintas fases deste e a cronoloxía para a seu desenvolvemento.
- c) Orzamento total desagregado por conceptos.
- d) Medios materiais e humanos que requira a actividade.
- e) Normas para a coordinación, execución e seguimento do proxecto.
- f) Nome da persoa designada como responsable da actividade polas diferentes partes do convenio.

Quinta. Comisión de Seguimento

1. Para o seguimento, vixilancia, control da execución do presente convenio e dos compromisos adquiridos así como para resolver os problemas de interpretación, para favorecer unha comunicación fluída entre as partes e mellorar a promoción das actividades da Cátedra, constituirase a Comisión de Seguimento coa seguinte composición:

a) Polo Parlamento de Galicia:

- Letrado oficial maior ou persoa na quen delegue.
- A persoa que exerza a Xefatura do Servizo de Publicacións do Parlamento.
- Un funcionario ou funcionaria da Cámara que designe o Parlamento.

b) Pola Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude a través da SXL

- O secretario xeral da Lingua ou persoa na que delegue.
- A persoa titular da subdirección xeral de Planificación e Dinamización Lingüística da SXL.
- Un funcionario ou funcionaria ou persoal laboral da SXL que se designe.

c) Pola USC:

- O vicerreitor ou vicerreitora con competencias en Cátedras Institucionais ou persoa na que delegue e que presidirá as reunións desta comisión.
- As persoas que ocupen a dirección da Cátedra.

2. Actuará como secretario ou secretaria a persoa que designe a comisión de seguimento de entre as persoas asistentes.

3. Esta comisión reunirse, a petición de calquera dos seus membros, como mínimo, unha vez ao ano. Os acordos e o contido das reunións reflectiranse en actas escritas e asinadas. A totalidade das persoas integrantes desta Comisión de Seguimento terán dereito a voz e voto nas deliberacións e adopción de acordos.

4. O réxime de funcionamento interno da comisión será o que resulte aplicable pola normativa básica dos órganos colexiados de carácter administrativo.

Asemade, corresponderalle á Comisión de Seguimento:

- Recibir información puntual sobre o plan anual de actividades e proxectos propios da Cátedra e sobre a marcha das actividades e proxectos programados
- Deliberar sobre calquera cuestión que poida xurdir relacionada coa Cátedra.
- Resolver as dúbidas, controversias e problemas de interpretación e cumprimento que poidan xurdir na execución do convenio para o desenvolvemento da Cátedra.

5. Correspóndelle á vicerreitoría con competencias na materia presentar perante o Consello de Goberno da USC a memoria económica e de actividades anuais da Cátedra.

Sexta. Responsabilidade do proxecto e tarefas das partes asinantes

1. A USC, o Parlamento de Galicia e a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, a través da SXL, serán as encargadas de realizar as actuacións necesarias para desenvolver as actividades obxecto do convenio, nun proceso de colaboración continuo. As entidades asinantes, como coorganizadoras, terán unha participación activa e esencial na definición e desenvolvemento das tarefas da Cátedra e compartirán, nos termos que se indican, a titularidade na porcentaxe que corresponda e o uso dos materiais que se realicen ao abeiro deste convenio.

2. A participación do persoal propio ou colaboradores das partes asinantes terá lugar de conformidade coa regulamentación específica de cada entidade.

Sétima. Obrigas das partes

1. Obrigas do Parlamento de Galicia

- Participará activamente nas accións estratéxicas para a planificación da programación das actividades da Cátedra e, en especial, nos aspectos relacionados coa difusión e divulgación dos valores asociados á defensa da lingua e da cultura de Galicia e a promover e preservar o legado de Otero Pedrayo.
- Achegará o financiamento previsto na cláusula seguinte.

2. Obrigas da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, a través da SXL:

- Participará activamente nas accións estratéxicas para a planificación da programación das actividades da Cátedra e, en especial, nos aspectos relacionados coas súas competencias en materia de normalización e dinamización lingüística para poñer en valor a vida e a obra de Otero Pedrayo.
- Achegará o financiamento previsto na cláusula seguinte.

3. Obrigas da Universidade de Santiago de Compostela:

- Proporcionará e facilitará un espazo físico de uso non necesariamente exclusivo e os medios materiais e dixitais necesarios para o desenvolvemento das actividades da Cátedra na Facultade de Filoloxía.
- Será a responsable da xestión económica dos fondos da Cátedra, así como da execución e xustificación dos gastos, de acordo coas normas e procedementos propios e coa normativa xeral vixente.
- Establecerá, se é o caso, os mecanismos de recoñecemento académico dos cursos, actividades ou materias impartidas na Cátedra, nos termos previstos na normativa que resulte de aplicación.
- Difundirá a participación e a colaboración do Parlamento de Galicia e da Xunta de Galicia en todas as actividades que se realicen ao abeiro da Cátedra.
- Outorgaralle o necesario recoñecemento institucional á Cátedra.

A sinatura deste convenio comportará a autorización aos órganos xestores para solicitar as certificacións que deben emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesourería da Seguridade Social e a Consellería de Facenda e Administración Pública da Xunta de Galicia.

A USC facilitará toda a información que lle sexa requirida pola Consellería Facenda e Administración Pública, así como, de ser o caso, pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Consello de Contas e polo Tribunal de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control.

Oitava. Orzamento da Cátedra e financiamento

O orzamento de execución das actividades obxecto deste convenio ascende a corenta e cinco mil euros (**45.000,00 €**) para o período 2025-2027.

O **Parlamento de Galicia** financiará as actuacións obxecto deste convenio cunha achega máxima de quince mil euros (15.000 €) para o período 2025-2027, con cargo á partida orzamentaria **01.01.111B.444.00** do orzamento do Parlamento de Galicia, coa seguinte desagregación:

2025	2026	2027
5000 €	5000 €	5000 €

As cantidades anteriores irán destinadas a financiar as actuacións e actividades previstas na cláusula cuarta.

A **Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude** financiará as actuacións obxecto deste convenio cunha achega máxima de quince mil euros (15.000 €) para o período 2025-2027, con cargo á partida orzamentaria 13.02.151A.640.0 do orzamento do 2025, coa seguinte desagregación :

2025	2026	2027
5000 €	5000 €	5000 €

As cantidades anteriores irán destinadas a financiar as actuacións e actividades previstas na cláusula cuarta.

A **USC** no período de duración deste convenio contribuirá ao mantemento da Cátedra cunha achega de cinco mil euros (5.000€) anuais coa seguinte desagregación :

2025	2026	2027
5000 €	5000 €	5000 €

As cantidades anteriores irán destinadas a financiar as actuacións e actividades previstas na cláusula cuarta.

Ademais a USC contribuirá ao desenvolvemento da Cátedra con achegas en especie. Estas achegas incluírán a infraestrutura necesaria para a realización do programa anual de actividades da Cátedra (salas adecuadas, material bibliográfico, bases de datos, espazos web, materiais didácticos e informativos, material informático e audiovisual e outros que se precisen).

Este convenio non terá carácter oneroso e as achegas previstas nesta cláusula irán destinadas a cubrir o custo da actividades da Cátedra sen que a USC obteña lucro ningún.

En todo caso, o gasto proxectado queda sometido á condición suspensiva da existencia de crédito adecuado e suficiente para tal fin nos orzamentos xerais para os anos 2025, 2026 e 2027.

Novena. Xustificación e pagamento

1. A documentación requirida na fase xustificativa presentarase electronicamente accedendo ao expediente na Carpeta do cidadán da persoa solicitante/representante (<https://sede.xunta.gal/carpeta-do-cidadan>). O código de procedemento é: PR004A.

O pagamento das achegas económicas do Parlamento de Galicia e da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude poderase realizar a medida que se xustifique a realización das actividades descritas no convenio mediante pagamentos parciais, cun máximo de dous aboamentos a conta da liquidación definitiva por un importe non superior ao 20 % da cantidade prevista para cada anualidade. Os gastos xustificados non deben exceder do importe estipulado no convenio para cada actividade. Unha vez xustificado se redistribuirá entre as tres entidades asinantes.

2. Para recibir as achegas económicas do Parlamento de Galicia e da Xunta de Galicia, a USC debe presentar electronicamente con cada xustificación parcial e coa seguinte documentación:

- Un certificado da persoa responsable da Xerencia da USC, ou do órgano de control que corresponda, que acredite a toma de razón en contabilidade de que se executou o obxecto do convenio e de que as achegas das partes cofinanciadoras foron destinadas integramente ao desenvolvemento do obxecto do convenio.
- Unha memoria asinada polas persoas que ocupen a Dirección da Cátedra na que se fará constar de forma detallada as accións realizadas, incluíndo as resolucións de concesión de premios aos TFG e TFM e das concesións de axudas de investigación, os resultados obtidos de todas as actividades e as incidencias máis significativas.
- A relación de gastos realizados co seu detalle por actividade xunto ás facturas correspondentes, acreditacións do pagamento dos premios e axudas á investigación. No caso da xustificación final comprenderán todos os gastos efectuados ata 10 de decembro de cada anualidade á que correspondan.

A data límite para presentar a documentación xustificativa final será o 20 de decembro de cada anualidade á que correspondan.

No caso de que a xustificación dos gastos e dos pagamentos sexa inferior ao importe do convenio para cada anualidade, a achega das partes reducirase na mesma proporción. Ao abeiro do artigo 48.6 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (DOG núm. 236, do 2 de febreiro de 2015) as achegas económicas que os asinantes se comprometen a realizar non poderán superar os gastos derivados da execución do convenio e a USC recibira o custo real sen que poida haber lucro ningún.

5. O pagamento realizarase na conta bancaria que sinala a USC, mediante o certificado acreditativo da súa titularidade.

6. Para o pagamento á USC das cantidades que figuran neste Convenio a USC deberán presentar:

- Un certificado de non ter pendente de pagamento ningunha débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, expedido pola Consellería de Facenda e Administración Pública.
- Un certificado de estar ao día das obrigas tributarias, expedido pola correspondente delegación ou axencia do Ministerio de Facenda e Función Pública.
- Un certificado de estar ao corrente das obrigas sociais, expedido pola Tesourería da Seguridade Social.

Non obstante o anterior, a sinatura deste convenio comportará a autorización ao órgano xestor (SXL) para que poda solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesourería da Seguridade Social e a Consellería de Facenda e Administración Pública da Xunta de Galicia.

7. A USC facilitará toda a información que lle requira o Parlamento de Galicia ou a Xunta de Galicia, a través da SXL, así como a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, a Intervención Xeral da Administración do Estado, o Consello de Contas e/ou o Tribunal de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control.

8. Para os efectos de axilizar a tramitación dos pagamentos do convenio polas partes asinantes, a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, a través da SXL, asumirá as tarefas de comprobación das xustificacións parciais e final que presente a USC para acreditar o cumprimento anual do obxecto do convenio. Sen prexuízo diso, logo da comprobación que corresponda, a SXL dará conta do resultado ao Parlamento de Galicia e facilitaralle unha copia de toda a documentación presentada pola USC, xunto coa certificación da realización das actuacións pola USC no momento en que proceda tramitar os pagamentos e coa periodicidade que corresponda. Cada ente cofinanciador tramitará o expediente administrativo para o pagamento da súa achega.

Décima. Resultados conxuntos

As partes compartirán os dereitos de propiedade intelectual sobre os traballos correspondentes ás actuacións obxecto do convenio. Así, todos os dereitos de explotación dos traballos de investigación realizados no marco da Cátedra durante a vixencia do presente convenio pertencen conxuntamente ao Parlamento de Galicia, á Xunta de Galicia e á USC, en función da participación dos diferentes intervinientes, de acordo coa lexislación vixente, e deberase citar o persoal investigador en calidade de autor ou autora.

Ningunha das partes lle poderá ceder a unha terceira persoa os dereitos e as obrigas adquiridas en virtude deste convenio, agás expresa autorización por escrito das outras partes do convenio. Non obstante, o Parlamento de Galicia a Xunta de Galicia o, en cumprimento dos seus fins institucionais, poderán utilizar libre e gratuitamente os traballos de campo e calquera tipo de dato, resultado, análise, informe e conclusión que derive das actuacións obxecto do convenio.

Décimo primeira. Difusión de actividades

As partes, de mutuo acordo, acordarán as accións de comunicación oportunas para a difusión dos resultados das investigacións realizadas, no marco das actividades da Cátedra.

En todas as comunicacións públicas das actividades da Cátedra, en publicacións ou noutros medios de difusión, deberá constar a colaboración entre o Parlamento de Galicia, a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e a USC, e utilizaranse os anagramas ou logos que correspondan, segundo o previsto pola normativa de identidade corporativa do Parlamento de Galicia, da Xunta de Galicia e da USC.

Sexa cal sexa o medio de difusión, cada unha das partes comprométese a facer mención das outras partes deste convenio.

Décimo segunda. Vixencia e prórroga

Este convenio entrará en vigor desde a data da súa sinatura e terá vixencia ata 31 de decembro de 2027, agás que sexa denunciado por escrito por algunha das partes asinantes polo incumprimento dos compromisos que nel se recollen, con polo menos un mes de antelación.

Antes da finalización do prazo de vixencia, as partes asinantes poderán acordar unanimemente a súa prórroga por un máximo dun ano máis. De prorrogarse o convenio, na correspondente addenda estableceranse as obrigas concretas das partes asinantes.

Décimo terceira. Modificación e causas de resolución

1. Se posteriormente á sinatura do convenio, e por circunstancias imprevistas debidamente xustificadas, a USC quixera modificar ou cambiar algunhas das actividades recollidas no texto do convenio, esta modificación ou cambio instrumentarase de común acordo con todas as partes intervinientes mediante a correspondente addenda, na que deberán constar as novas obrigas asumidas e, se é o caso, os recursos destinados a finais.

2. Este convenio tamén poderá ser obxecto de modificación cando esta teña como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira. As devanditas

modificacións terán por obxecto a redución do volume das obrigas ou a ampliación do seu prazo de execución.

3. Sen prexuízo do establecido na normativa vixente, serán causas de resolución deste convenio as seguintes:

- O transcurso do prazo de vixencia.
- O acordo unánime de todos os asinantes.
- O incumprimento de calquera das cláusulas establecidas.
- A aplicación dos fondos para fins distintos dos previstos no convenio.
- A decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.

Décimo cuarta. Utilización da lingua galega

Todas as accións e actividades que se realicen ao abeiro deste convenio deberán levarse a cabo de acordo co indicado nas vixentes Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego, aprobadas pola Real Academia Galega no ano 2003, tal e como se establece na disposición adicional da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística. Así mesmo, coidarase especialmente o respecto rigoroso á toponimia oficial, nos termos previstos no artigo 10 da citada lei.

O incumprimento da referida estipulación será considerada causa específica de resolución deste convenio.

Décimo quinta. Rexistro de convenios, transparencia e bo goberno

A sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso das partes asinantes para que se fagan públicos os datos referidos ao convenio, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno; co artigo 8 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, e co Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

Décimo sexta. Protección de datos de carácter persoal e garantía dos dereitos dixitais

As partes asinantes comprométese a cumprir, en todo momento, as disposicións contidas na normativa básica estatal, autonómica e da USC que xustifica a lexitimidade do tratamento dos datos persoais e dos dereitos dixitais.

Na aplicación deste convenio, respectaranse cantas esixencias establece o Regulamento UE 679/2016 xeral de protección de datos e a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (BOE do 6 de decembro de 2018), e adoptaranse as medidas que resulten necesarias para cumprir as súas previsións e, en particular, para garantir a seguridade e a integridade dos datos persoais e dos dereitos dixitais e a súa protección fronte a alteracións, perdas, tratamentos ou accesos non autorizados.

Serán de aplicación todos os dereitos e obrigas derivados da normativa aplicable en materia de protección de datos e garantía dos dereitos dixitais.

Décimo sétima. Administración dixital

As partes asinantes deste convenio respectarán cantas esixencias establece a Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia (DOG núm. 229, do 26 de xullo de 2019), na medida na que lle sexa aplicable ao sector público autonómico, de acordo co artigo 3 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral do sector público autonómico de Galicia, pola Administración xeral e polas entidades instrumentais (DOG núm. 251, do 31 de decembro de 2010).

Décimo oitava. Responsabilidade das actuacións

O asinamento deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que vaian desenvolver as actividades previstas e o Parlamento de Galicia e mais a Xunta de Galicia, de tal xeito que a estas institucións non se lles pode esixir responsabilidade ningunha –nin directa, nin indirecta, nin subsidiaria– polos actos ou feitos producidos no desenvolvemento do convenio.

Décimo novena. Réxime xurídico e xurisdición aplicable

Este convenio ten carácter administrativo e, polo tanto, os seus efectos rexeranse polo establecido nas súas estipulacións e quedará suxeito ao disposto nos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público (BOE núm. 236, do 2 de outubro de 2015).

Aínda que se trata dun dos supostos de exclusión do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (BOE núm. 272, do 9 de novembro de 2017), segundo especifica o seu artigo 6, ao non previsto, e de acordo co artigo 4 da citada Lei, aplicaráselle os principios recollidos nela, co fin de resolver as dúbidas e as omisións que puidesen presentarse. Así mesmo, supletoriamente terase en conta o Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, pola que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia e demais normativa vixente na materia (DOG núm. 214, do 5 de novembro de 1999).

A Intervención Xeral do Parlamento de Galicia e a da Comunidade Autónoma verificarán a correcta aplicación destas achegas mediante a aplicación das técnicas de fiscalización e auditoría previstas no Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia (DOG núm. 214, do 5 de novembro de 1999) e nas normas que a desenvolven e demais normativa vixente.

Rexerase, así mesmo, polo establecido na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, así como no Regulamento de creación e réxime de funcionamento das cátedras institucionais da USC, aprobado o 7 de febreiro de 2020.

A xurisdición contencioso-administrativa será a competente para dirimir as cuestións que xurdan da aplicación deste convenio.

En proba de conformidade, as partes asinan este convenio con efectos dende a última data da sinatura electrónica.

Pola Xunta de Galicia

Polo Parlamento de Galicia

Pola Universidade de
Santiago de Compostela

O conselleiro de Cultura,
Lingua e Xuventude

O presidente

O reitor

José Carlos López Campos

Miguel Ángel
Santalices

Antonio López Díaz